

Proxecto de Decreto..../2026, do xx de, polo que se regula o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia.

A Constitución Española no seu artigo 14 proclama o dereito á igualdade e a non discriminación por razón de sexo. Pola súa parte, o artigo 9.2 sinala que son os poderes públicos os que deben promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude, e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no artigo 4.2 que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

Facendo uso das devanditas competencias, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que no seu artigo 20 incorpora o “principio de transversalidade da dimensión de xénero” en todas as políticas e accións desenvolvidas, coa dupla finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, e entre os criterios de actuación se establece o fomento da igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social.

De xeito específico, temos que salientar que os artigos 1.2.e) e 147 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, prevén ter en consideración as singularidades e as realidades específicas que atinxen ás mulleres rurais e do mar no deseño e desenvolvemento das políticas públicas.

Con este fin, no artigo 179 créase o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, como órgano colexiado de asesoramento, análise e seguimento da situación das mulleres rurais e do mar en Galicia.

A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no capítulo VII, modificou a Lei 7/2023, do 30 de novembro, e respecto do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, mellorou a súa composición e a súa organización, ao incluír na súa composición tanto representantes do Consello Agrario Galego, que ten entre outras, a función de impulsar a participación das mulleres do medio rural, como a representantes da Federación Galega de Confrarías que integra a través das confrarías, a maioría das mulleres profesionais dos ámbitos pesqueiro e marisqueiro.

O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, recolle tamén como un dos ámbitos de intervención transversal “a Igualdade de oportunidades para as mulleres rurais e do mar” e establece como reto “eliminar os obstáculos

que representan unha dobre discriminación para as mulleres rurais e do mar e facilitarlles o acceso aos recursos necesarios para a súa autonomía nos distintos ámbitos” ao que se acompañan diferentes prioridades e liñas de actuación.

Co presente decreto establécese a súa adscrición, a forma de designación dos seus membros e as normas de funcionamento, segundo o establecido no artigo 179.7 da Lei 7/2023, do 30 de novembro.

Respecto da súa estrutura, este decreto consta de quince artigos, agrupados en dous capítulos, cinco disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I, que leva por rúbrica Disposicións xerais, regula cuestións de carácter xeral: o obxecto, a natureza xurídica, a adscrición, a finalidade e as funcións do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia.

O capítulo II, denominado Normas de organización e funcionamento, regula nos seus artigos a organización e composición do Observatorio; a duración do mandato, e o réxime de funcionamento do Consello a través do Pleno, das seccións de Mulleres do Medio Rural e do Mar.

As disposicións adicionais refírense ao uso dunha linguaxe integradora, inclusiva e non sexista na documentación que xere o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia, ao réxime económico, ao sistema de rotación da presidencia, ao prazo de constitución do Observatorio e aos medios técnicos, persoais e materiais necesarios para o correcto funcionamento do Observatorio.

Finalmente, nas disposicións derradeiras, establécese o mandato de habilitación para o desenvolvemento normativo e a entrada en vigor deste decreto.

De acordo co que establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a tramitación desta disposición axústase ao cumprimento dos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. A súa tramitación vén precedida da consulta á cidadanía e durante a instrución deuse audiencia e información ás entidades que puideren resultar afectadas por ela. Así mesmo, solicitáronse os informes preceptivos en cumprimento do disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Política Social e Igualdade, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día xx de xxxxx de dous mil vinte e cinco,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposición Xerais

Artigo 1. Obxecto

Este decreto ten por obxecto regular o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia para establecer a súa adscrición, a forma de designación dos seus membros e as normas de funcionamento, de acordo co previsto no número 7 do artigo 179 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Artigo 2. Natureza, adscrición e finalidade

1. O Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia é un órgano colexiado de asesoramento, análise e seguimento da situación das mulleres rurais e do mar en Galicia.
2. O Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia está adscrito á consellería competente en materia de promoción da igualdade.
3. A finalidade do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia é a prestación daqueles asesoramentos, análises ou seguimentos para calquera política pública da Administración autonómica e os seus entes dependentes, que permitan mellorar a vida das mulleres rurais e do mar ao longo de todo o seu ciclo vital, en todos os ámbitos da súa vida, especialmente no laboral, urbanístico, ambiental e de infraestruturas, saúde e educación, así como conciliación e ocio.

Artigo 3. Réxime xurídico

1. O Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia rexerase polo disposto na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, no presente decreto, e no seu regulamento de funcionamento interno.
2. En todo o non previsto nas normas anteriores aplicaranse as normas establecidas para os órganos colexiados na sección 3ª do capítulo II, título preliminar, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e no capítulo I, título I, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 4. Funcións do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia

Ao Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia correspóndelle realizar as seguintes funcións:

- a) Recompilar, analizar e intercambiar información relevante que permita coñecer mellor a situación das mulleres rurais e do mar na Comunidade Autónoma, así como detectar as súas necesidades particulares.
- b) Formular propostas e recomendacións sobre liñas estratéxicas e prioridades de actuación no ámbito do Observatorio, e tamén medidas correctoras que se consideren oportunas para mellorar a situación das mulleres galegas que traballen no medio rural e no mar, especialmente no relativo ao seu acceso a postos directivos e de representación.
- c) Propor ás consellerías con competencias en medio rural e en mar a realización de investigacións e de estudos específicos que fosen de interese.
- d) Promover foros de comunicación e de debate que permitan o encontro e a reflexión, entre as diferentes entidades e axentes sociais e económicos involucrados na defensa dos dereitos das mulleres rurais e do mar.
- e) Propor ás consellerías con competencias en medio rural e en mar a realización de campañas de sensibilización, de visibilización e de apoderamento das mulleres rurais e do mar.
- f) Fomentar calquera outra actuación que se considere necesaria en relación coas anteriores funcións, así como realizar aquelas que lle sexan encomendadas para o mellor cumprimento dos seus fins.

CAPÍTULO II

Normas de organización e funcionamento

Artigo 5. Organización do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia

1. De acordo co disposto no artigo 180 da Lei 7/2023, do 30 de decembro, son órganos do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia:

- a) A Presidencia.
- b) O Pleno.
- c) A Sección de Mulleres do Medio Rural.
- d) A Sección de Mulleres do Mar.

2. De acordo co disposto no artigo 179.3 da Lei 7/2023, do 30 de decembro, o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar terá a seguinte composición:

- a) A persoa titular da consellería con competencias en materia rural, ou a persoa en quen delegar.
- b) Dúas persoas da consellería con competencias en materia rural designadas pola persoa titular desta.
- c) A persoa titular da consellería competente en materia de mar, ou a persoa en quen delegar.
- d) Dúas persoas da consellería con competencias en materia de mar designadas pola persoa titular desta.
- e) A persoa titular do órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de igualdade.
- f) Dúas persoas do órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de igualdade designadas pola persoa titular deste.
- g) Unha persoa en representación da consellería con competencias en materia de emprego.
- h) Unha persoa en representación da consellería con competencias en materia de economía.
- i) Unha persoa en representación do Instituto Galego de Estatística.
- j) Unha persoa en representación da consellería con competencias en materia de ambiente.
- k) Unha persoa en representación da consellería con competencias en materia de política social.
- l) Dúas persoas designadas pola consellería competente en materia de medio rural relacionadas cos sectores profesionais nos que a presenza de mulleres é a maioritaria e dúas persoas designadas pola consellería competente en materia de mar en representación do sector acuícola, ou da transformación ou doutras actividades relacionadas coa pesca nas que as mulleres representen a maioría das persoas traballadoras do sector; en particular as mariscadoras, as redeiras e as representantes do sector da conserva, entre outros.
- m) Tres persoas en representación das entidades agrarias que forman parte do Consello Agrario Galego.
- n) Tres persoas designadas pola Federación Galega de Confrarías, por proposta das federacións provinciais de confrarías, en representación do sector extractivo.
- ñ) Tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas no ámbito autonómico.
- o) Tres persoas en representación da Confederación de Empresarios de Galicia.
- p) Unha persoa en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias.

3. O Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar poderá contar coa presenza doutras persoas especialistas ou doutras persoas eventualmente concernidas naqueles asuntos cuxa especificidade así o requirir.

4. As vogalías contarán cunha persoa titular e unha suplencia, salvo no caso das persoas dos sectores profesionais en materia rural e do mar.

5. A metade, cando menos, dos membros titulares do Observatorio serán mulleres.

Artigo 6. *Presidencia*

1. A Presidencia do Observatorio correspóndelle, de forma rotatoria e por períodos de dous anos, ás persoas titulares das consellerías con competencias en materia de medio rural e de mar.

2. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que impida o desenvolvemento das súas funcións, a persoa titular da presidencia será substituída pola persoa designada como suplente.

3. As funcións da persoa titular da Presidencia son:

a) Desempeñar a representación do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia.

b) Dirixir, promover e coordinar o Observatorio.

c) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros.

g) Presidir as sesións do Pleno e moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

e) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.

f) Asegurar o cumprimento das leis.

g) Visar as actas e certificacións dos acordos.

h) Nomear e cesar, se é o caso, as persoas titulares das vogalías titulares e suplentes, no seu caso.

j) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á presidencia dun órgano colexiado.

Artigo 7. *Secretaría*

1. A Secretaría do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia correspóndelle a unha persoa funcionaria que preste servizos no órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade, que será nomeada pola

persoa titular da Presidencia, a proposta da consellería con competencias en materia de igualdade.

2. A persoa titular da Secretaría será nomeada por un período de catro anos renovables e poderá ser cesada discrecionalmente pola persoa titular da Presidencia.

3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que impida o desenvolvemento das súas funcións, a persoa titular da Secretaría será suplida pola persoa funcionaria que preste servizos no órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade que expresamente designe a persoa titular da Presidencia, a proposta da consellería con competencias en materia de igualdade.

4. Son funcións da persoa titular da Secretaría:

- a) Asistir ás reunións do Pleno e das seccións, con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do Pleno e das Seccións do Observatorio por orde da súa Presidencia, así como as citacións aos seus membros.
- c) Recibir os actos de comunicación dos membros co Observatorio e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.
- e) Velar pola legalidade formal e material das actuacións do Observatorio, certificar as actuacións do mesmo e garantir que os procedementos e regras de constitución e adopción de acordos son respectados.
- f) Coordinar as consellerías competentes en materia de rural e mar para a xestión da Presidencia, así como coordinar a participación das demais consellerías no Observatorio.
- g) Impulsar a xestión administrativa necesaria para a consecución dos fins do observatorio.
- h) Cantas outras funcións sexan inherentes á secretaría dun órgano colexiado.

Artigo 8. *Vogalías*

1. Os/as vogais titulares do Observatorio e as persoas suplentes que os/as substitúan nos supostos de ausencia, enfermidade ou, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, serán nomeados/as pola persoa titular da presidencia do Observatorio, por proposta das entidades e órganos citados no artigo 5.

2. As vogalías que representen o sector público autonómico deberán ser exercidas por persoas que ocupen postos con nivel mínimo xefatura de servizo ou equivalente, agás casos excepcionais debidamente xustificados de acordo a criterios de idoneidade.

3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que impida o desenvolvemento das súas funcións, as persoas titulares das vogalías serán substituídas polas persoas designadas como suplentes, salvo no caso das persoas dos sectores profesionais en materia rural e do mar, que poderán substituír os seus membros titulares por outros, acreditándoo ante a secretaría do Observatorio, respectando as reservas e limitacións establecidas nas súas normas de organización.

4. Correspóndelles as vogalías as seguintes funcións:

a) Recibir, cunha antelación mínima de cinco días, a convocatoria contendo a orde do día das reunións, salvo nos supostos de urxencia apreciada pola Presidencia do Observatorio, na que a antelación mínima será de corenta e oito horas. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará ao dispor das vogalías en igual prazo.

b) Participar nos debates das sesións.

c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

d) Formular suxestións e preguntas.

e) Presentar informes, documentos e datos que considere necesarios para o desenvolvemento dos fins e actividades propias do Observatorio.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de vogal dun órgano colexiado.

6. Os/as vogais cesarán nas súas funcións por algunha das causas seguintes:

a) Finalización do mandato.

b) A renuncia expresa, excepto para aqueles membros do Observatorio que teñan a dita condición por razón do seu cargo.

c) A revogación da representación, por parte do órgano, organización ou entidade que a propuxo.

d) A declaración de incapacidade ou inhabilitación para o exercicio de cargo público por sentenza xudicial firme.

e) A condena por sentenza xudicial firme en delitos de odio, de maltrato das persoas integradas nalgún dos colectivos protexidos pola Lei 7/2023, do 30 de novembro.

f) Falecemento.

7. As circunstancias anteriormente sinaladas deberán comunicarse á Secretaría do Observatorio.

Artigo 9. Duración do mandato

1. Os membros do Observatorio que teñan a dita condición por razón do seu cargo desempeñarán as súas funcións polo tempo que dure o exercicio deste.

2. Os demais membros do Observatorio exercerán o seu cargo por un período de catro anos a partir da data do seu nomeamento. O mandato poderá ser renovado unha soa vez por outro período da mesma duración para a mesma persoa.

Transcorrido o período de mandato, os membros do Observatorio continuarán na súa respectiva representación e funcións ata que se produzan os novos nomeamentos e renovacións.

Artigo 10. O Pleno

1. O Pleno é o órgano superior do Observatorio e estará integrado por todos os membros previstos no artigo 5.2.

2. Correspóndelle ao Pleno o exercicio das funcións sinaladas no artigo 4, así como a elaboración dun regulamento de réxime interno.

3. O Pleno reunirse en sesión ordinaria dúas veces ao ano e en sesión extraordinaria cantas veces sexa convocado pola súa Presidencia, pola súa iniciativa ou por proposta dun terzo dos seus membros.

4. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes e decidirá, en caso de empate, o voto da persoa titular da Presidencia.

Artigo 11. As seccións

1. As seccións atenderán as súas áreas de xestión específicas, co obxecto de dinamizar o funcionamento do Observatorio e dotalo de maior operatividade.

2. Anualmente as seccións darán conta da súa actividade e resultados ao Pleno. Esta rendición de contas tamén terá lugar por petición propia ou cando así o solicitar o Pleno.

Artigo 12. *Sección de Mulleres do Medio Rural*

1. A Sección de Mulleres do Medio Rural estará composta polas seguintes persoas segundo o artigo 180 da Lei 7/2023, do 30 de novembro:

- a) A persoa titular da consellería con competencias en materia de medio rural, ou a persoa en quen delegar, que a presidirá.
- b) As dúas persoas que formen parte do Observatorio en representación da consellería con competencias en medio rural.
- c) As dúas persoas que formen parte do Observatorio en representación do órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de igualdade.
- d) A persoa que forme parte do Observatorio en representación da consellería con competencias en materia de emprego.
- e) A persoa que forme parte do Observatorio en representación da consellería con competencias en materia de economía.
- f) A persoa que forme parte do Observatorio en representación do Instituto Galego de Estatística.
- g) A persoa que forme parte do Observatorio en representación da consellería con competencias en materia de ambiente.
- h) A persoa que forme parte do Observatorio en representación da consellería con competencias en materia de política social.
- i) As dúas persoas relacionadas cos sectores profesionais en materia de medio rural, nos que a presenza de mulleres é a maioritaria.
- j) As tres persoas que formen parte do Observatorio en representación das entidades agrarias que forman parte do Consello Agrario Galego.
- k) As tres persoas que formen parte do Observatorio en representación das organizacións sindicais máis representativas no ámbito autonómico.
- l) As tres persoas que formen parte do Observatorio en representación da Confederación de Empresarios de Galicia.
- m) A persoa que forme parte do Observatorio en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias.

2. As funcións encomendadas á Sección de Mulleres do Medio Rural son:

- a) Colaborar activamente co Observatorio para realizar as tarefas de asesoramento, análise e seguimento da situación das mulleres rurais.
- b) escoitar as organizacións de mulleres ou organizacións con intereses no mundo rural.
- c) Impulsar a perspectiva de xénero na planificación estratéxica e anual nas accións propias do medio rural.
- d) Asistir a Presidencia nas consultas que lle realice no seu ámbito de competencias.
- e) Calquera outra que se acorde pola sección ou lle encomende o Pleno dentro da planificación estratéxica e/ou anual.

Artigo 13. *Sección de Mulleres do Mar*

1. A Sección de Mulleres do Mar estará composta polas seguintes persoas segundo o artigo 180 da Lei 7/2023, do 30 de novembro:

- a) A persoa titular da consellería con competencias en materia de mar, ou a persoa en quen delegar, que a presidirá.
- b) As dúas persoas que formen parte do Observatorio en representación da consellería con competencias en mar.
- c) As dúas persoas que formen parte do Observatorio en representación do órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de igualdade.
- d) A persoa que forme parte do Observatorio en representación da consellería con competencias en materia de emprego.
- e) A persoa que forme parte do Observatorio en representación da consellería con competencias en materia de economía.
- f) A persoa que forme parte do Observatorio en representación do Instituto Galego de Estatística.
- g) A persoa que forme parte do Observatorio en representación da consellería con competencias en materia de ambiente.
- h) A persoa que forme parte do Observatorio en representación da consellería con competencias en materia de política social.
- i) As dúas persoas en representación do sector acuícola, ou da transformación ou doutras actividades relacionadas coa pesca nas que as mulleres representen a maioría das persoas

traballadoras do sector; en particular as mariscadoras, as redeiras e as representantes do sector da conserva, entre outros.

j) As tres persoas que formen parte do Observatorio en representación da Federación Galega de Confrarías, por proposta das federacións provinciais de confrarías.

k) As tres persoas que formen parte do Observatorio en representación das áreas da muller das organizacións sindicais máis representativas no ámbito autonómico.

l) As tres persoas que formen parte do Observatorio en representación da Confederación de Empresarios de Galicia.

m) A persoa que forme parte do Observatorio en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias.

2. As funcións encomendadas á Sección de Mulleres do Mar son:

a) Colaborar activamente co Observatorio para realizar as tarefas de asesoramento, análise e seguimento da situación das mulleres do mar.

b) escoitar as organizacións de mulleres ou organizacións con intereses no mar.

c) Impulsar a perspectiva de xénero na planificación estratéxica e anual nas accións propias do mar.

d) Asistir a Presidencia nas consultas que lle realice no seu ámbito de competencias.

e) Calquera outra que se acorde pola sección ou lle encomende o Pleno dentro da planificación estratéxica e/ou anual.

Artigo 14. *Publicidade*

1. O Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia difundirá os datos, información, traballos e actuacións que elabore a través dun sitio web específico dentro do portal institucional da Xunta de Galicia. Tal publicidade debe axustarse ao establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. Os datos, informacións, traballos e actuacións elaborados polo observatorio facilitaranse, sempre que sexa posible, en formatos dispoñibles para a súa reutilización e difusión mediante a súa inclusión no Catálogo de información reutilizable da Administración xeral e do sector público autonómico.

Artigo 15. *Confidencialidade e protección de datos persoais*

1. Os membros do Observatorio e toda aquela persoa que participe neste están obrigados a respectar o dereito á intimidade e á confidencialidade da información que, se é o caso, poidan coñecer no desempeño da súa actividade
2. A organización e o funcionamento do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia respectará, en todo momento, os dereitos das mulleres e, en concreto, a protección dos seus datos persoais e o dereito á súa intimidade, honra e á súa imaxe, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos; a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Disposición adicional primeira. *Uso de linguaxe non sexista*

O Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia deberá facer un uso non sexista de todo tipo de linguaxe nos documentos e soportes que se produzan, e fomentará a implantación dunha linguaxe integradora, inclusiva e non sexista, así como a promoción de imaxes non estereotipadas.

Disposición adicional segunda. *Réxime económico*

As persoas que compoñen o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia non percibirán ningún tipo de contraprestación nin remuneración, nin polo exercicio das súas funcións nin pola súa asistencia.

O financiamento do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia realizarase a través das consignacións correspondentes ao departamento da Administración autonómica competente en materia de promoción da igualdade nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia. A constitución e posta en funcionamento do Observatorio non xerará aumento dos créditos orzamentarios asignados ao dito departamento.

Disposición adicional terceira. *Rotación da presidencia*

A primeira presidencia do Observatorio corresponderá á persoa titular da consellería con competencias en medio rural.

Disposición adicional cuarta. *Constitución do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia.*

O Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia constituirase dentro dos tres meses seguintes á entrada en vigor deste decreto.

Disposición adicional quinta. *Medios técnicos, persoais e materiais*

1. O órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de igualdade prestará os medios técnicos, persoais e materiais que sexan necesarios para o seu funcionamento do Observatorio.
2. Corresponde a este órgano superior, a través da asunción da secretaría do Observatorio, a coordinación entre as consellerías ás que lles corresponde a Presidencia.
3. Tamén corresponderá a este órgano o impulso administrativo necesario para a consecución dos fins do Observatorio.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia promoción da igualdade para ditar as disposicións necesarias para facilitar o correcto funcionamento do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia., así como para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, a xx de xxxxx de dous mil vinte e seis

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social e Igualdade